

Todos asegundaban que si. Que é certo. Que traen xoguetes próximos nenos pequenos e bés. Que chegan o día cinco entre lusco e fusco e, pola noite, mientras os nenos dormirfan, farán o reparto.

E verda que un rapazolo dixolle que todo é un engano. O que minte é il. Fala así porque sabe que os reis non se lembrarán dos seus degaros. E moi ruín. Pégalle ós compañoiros todos, arrabúñaos na escola, raxa as libretas e os libros. Non aprendéu nenhuna vobale. E, craro está, quere que todo sema mentira - ella que ruindá - pra que ningunha accio tampouco o premio que il merecesce. O Mino tén a seguranza de que a mai, a madrilia, as tias e os seus amigüíños non minten. Xa escriviu a carta e está aviado pra entregala en mai ó carteiro real.

No centro da cida, dianante dunhas grandes almacés, con milleiros de luces que se endenden e se apagan nun variado tecido de cores, o paxe recolle moreas de cartas e agualla ós meniños cun caramelo xigante. Os ollos do Mino escintilan. O sangue alapara nas suas meixelas e as maus súanlle co nervosismo, apagares da baixa temperatura.

- Traeránme canto lles pedín, papá?

- Vamos ver. Qué lles puxeches na carta?

- Pedín lles libros, un balón, unha "bici", unha carteira prá escola, un camión, roupa... Nada de pistolas, Nada de metralletas. Ti sabes que esas cousas non me fan... porque a guerra é cousa mala; pero se lles me traen unha metralleta de pilas esconderéina pra non xogar coela.. Ises xoguetes son proximos rufis.

Tan pequenijo e canto sabía o Mino! Como a calquera parrulo, o que mais lle agradaba eran as armas. E canto mais estourasen millor. Pero ouvira moitas veces que poden matar e sabía que o seu pai non era gustoso de velo con tal cras de xoguetes. Por eso o axiña, coidando o pai anguriado pola idea da posibilidade de tales regalos reiales, tentou la tranquilizalo.

Chegóu o día do trunfal recorrido, polas rúas da cida, da magna cabalgata. As rúas estaban ateigadas de pais e cativos acramando a Melchor, Gaspar e Baltasar, fonechos non seus carromatos curuscantes de ouro e pedreiría, arrodeados de paxes que non cansaban de tirar caramelos e gaudiar á moitedume de ilusionados cativos, que mesturaban seus berros de ledicia co "Rampataplán" dos timbales e bater solene dos cabalos no asfalto da rúa.

Aquela noite o Mino deitouse cedo. Enriba da mesa ciscou uvas, figos pasos, avellás, améndoas e noces pra que se fartaran os cabalos do Rei. Deixóullles tamén unha botella de champán e, cavilando na fastuosidá da entrada trunfal dos Magos de Ourense na inmena cida, enfeitada de arbres de Nadal con bombillas azures, marelás, roxas e os anuncios de loños dos comercios parpadexando nunha manchea de dibuxos animados, ficou dormido feito un ratallo.

As mais Tolean en vendo os fillos plenos de felicidade e a de Mino tivo duas ideas concluientes: Mercedulle unha frecha e un portamonedas. Mientras ela arranxaba o paxella en orden xoguetes e regalos, o pai escribia consellos nun gran dibuxo do rei negro firmado e ~~marcado~~ co sello real. Dixolle ela afeuzada:

— Ti verás como estas trangalladas será o que mais estimará o pequeno.

O romper do dia o Mino choutou do leito. Botou unha carreiriña e atopouse no manxador con todos os xoguetes e roupas novias presididos pola foto real autógrafa. Os pais ollábanse rebordando contento. Cantísimo xogou, tecou e berrou o Mino. Todos os amigos participaron do seu esplaiamento. O Mundo que fermoso! Trunfos! Saindo! Festa!...
vegadas A frecha cravouse infindas ~~vegadas~~ e xa fai diana! O portamonedas, sempre cheo de patadas convertiu o Mino nun home!

— Oxe pago eu o "búz", mamaie, que teño pesetas!

— Boeno. Pero tés que aforrar. Cando teñas moitas, gárdalas na lucha pra mercar, un traxe cando fagas a primeira Comunión.

O pequeno ensina a cantos amigos atopa o seu portamonedas.

— Xa teño carteira e mira cuntas pesetas!.

A mai adivinárao. Os reis foron moi búz.

Poucos días dempués sairon mai e fillo pra mercar unhos sapatos. Xa de volta, ~~mai~~ prentase o pequeno no meio da rúa a chorar esconsolado. Persinase unha e outra vez. A mai, por más que fai pra comprender, non entende qué di o seu fillo. O fin decítase. Perdeu o portamonedas e chora esconsolado, sen accougo, facendo o sinal do cristián e tateando o responso de San Antonio. A sua bisaboa tíñalle dito que rezando o responso, aparecen as cousas perdidas. Recuaron, entraron na zapatería, e xente dofase do cativo desfeito en ~~mai~~ bigonias.

— Heiche mercar outro, prometfalle a mai.

Mais Xa na casa, perguntulle á aboa.

— Por qué non apareceu o portamonedas, aboia?

— Trabuxariaste no respo, contestulle a vellida que inda oxe non atina a comprender por qué o Santo non lle fixo o milagre ó seu inocente netiño.

Barcelona, 10.12.71

Manuel Rodríguez López

C. Hortal, 54

Barcelona, 26

VACACIOS EN GALICIA

Outro vrau fica atrás. E un millón e mio de compatriotas seguimos condeados a residir en terras alleas.

Superando o sacrificio de vintesete horas engaiolado nese trebello desacourador, canso, renqueante e pouaón que lle chaman Expresso, conquerín perante tres somanas o soño que nos fai delirar ós galegos esplados nos recunchos do mundo. Xustiñó un seis por cento do ano, gustéi con degoro o melindre anxeido na lonxanía perante doce monótonos meses. E áquiles siriños - que non son tópico - alixeíraron as miñas articulacións; o sol de Galicia zugóume as graxas; a iauga e a bris osixenáronme o sangue infestado na polución da Gran Cidá e, no mais íntimo do cerne disfrutéi, con plenitude sensorial e á concencia, a ledicia de vivir.

Febrente de progreso, percorréi cidades e pobos; camiñéi légoas e mais égoas por estradas en construcción; visitéi polígonos industriaes e de novos forres; reconócen a realidá das maxestuosas Residencias Sanatoriales, a vertical randeza dos hoteles que medren nas rexións turísticas da nosa terra....E hasta neguéi a crer na solución.

Milleiros de coches estranjeiros e nacionais ondequer; festas en vilas alleas; playas ateigadas de veraneantes; edificios xigantes; labregos fondos a urón dos fillos; foguetes....romerías.... E vede a realidá:

Ela é unha estudiante de Vigo que iste ano, pra seguir a carreira, debe a aplazarse a Sant Iago, lonxe do fogar e das amistades, co destrago de cartos e representa a pensión, porque en Galicia somentes conta cunha Universidá.

"Compañeiros inxenieiros técnicos, que findaron os estudos, emigran porlla de postos de traballo" E concreta:

"Un meu amigo, coa carreira rematada, percibe 2.500,- pesetas no mes... se a mitá do soldo mínimo que marcan as leis."

Un outo empregado dunha grande industria:

"A Dirección de Persoal da Empresa viuse na obliga de contestar ás continuas demandas de emprego: Por favor, non insista máis por ningún conduto"

Un parente chegado de Suiza:

"Arranxáronme o pasaporte e déronme un Contrato de Traballo. Perante ⁽²⁾ sete anos aforréi pra un piso e, agora, que chamo ás portas da industria, néganme un posto porque os repatriados seica somos argallantes de folgas. Por nivelar o déficit comercial do país coas nosas divisas, amasadas na artesa de privacíos e sudes arreo, en pago, sufrimos racismos atal negros americanos "

Un matrimonio, que se multiplica coma un eco por todas as veigas e bisbarras de Galicia! Il anda atafegado pra arranxar documentos, escrituras e unha chea de trámites porque mercóu un solar na Cruña e está a facer unha casa con xiros anuales dende o estranxeiro. Nun coche alemán vai e ven cos dous fillos de sete e nove anos, que non se ceibán do pai:

"Eu, díme, tiven moita sorte; pero outros compañeiros que lle mercaron ó mesmo especulador - nova versión caciquil - foron timados. O larpeiro vené déu solares propios e veciños. E cando os coitados quixérонse posesionar, atopáronse con que o desvergoñado non era tal dono. A nós foinos ben porque mercamos barato; pero servimos de engado pra foder a outros. E o mais denigrante éche que fixo as ventas ante Notario. O lambón do demo fuxiu e ninguén sé razón do seu paradeiro. Olla q cómo nos zugan! E son nosos irmáus! De no nosa caste! Diolos confundá a todos, nai que os pariu!"

A muller do meu bon amigo acanea tenrísmo o terceiro dos seus meniños, e trece meses. Quen non soupera da mágoa aceda e crúa que lle agarda, coiría esaxeredo o arroubo con que agarima no seu colo a feliz criatura. E ergúntame:

"Por que'iste meu fillo, que deixéi ó cuidado dos abós, non ben cumplidos dous meses, se non sopara de min? Por qué prefire o meu colo ó da aboa ó da tía que mímano, fártano e darian por il a vida? O que mais temía, sofé, era pensar que me desbotara coma unha persoa allea. Na miña testa remuiñaba unha morea de ideas pra dar coa maneira de gañalo. E, santo Ceo!, onde o primeiro intre non se ceiba de min."

As bágoas enmudeceron á mai emigrante. Facíase cruces de tamaño miragre. Un cavilara na outura da paixón maternal, superior a calqueira outra, nen que

(3)

os pulos mais íntimos, os estremecimentos amorosos mais recónditos do sán-
gue das suas veas ecoaban no sistema nervoso do meniño, un coela, en tan
outo grado de arroubamento, que a coitada criatura apurábaos con delirio. Il
no seu desenrolo, inda primario, agradecía o que outros cativos non sabian
apreciar por serles habitual !

Tristeiro despertar, abofé, cando se profunda nas reigasñas dun pobo!
Moito progreso. Moitos millóns pra estradas, pra escolas, pra fogares,
pra Seguridá Social. Moito sol. Moitos veraneantes con pesos nos buxsós; pe-
ro a realidá é que as milloras chegan a destempo e non cubren nem resolven
necesidáis mais que nun porcentaxe ínfimo. E qué solventarian se voltáramos
definitivamente o tercio de galegos' espallados polo mundo ?

Tanto turista con cartos nos petos, tanta festa, tanta ledicia nos al-
ontros de pais e fillos, cánto dura ? Pouco cuesta sabelo. É tan doado... U
nha curta camiñada á estación mais próxima de ferrocarril abonda:

Ali, veremos os andenes - qué ben dibuxóu Castelao a despedida do emigran-
do nun porto transatlántico! - cum mestos de xente de todas as edades. E no

diario local - cinismo? utopía turística ? - leremos:

" AYER NUEVO RECORD DE VIAJEROS"

A curta singladura que fixemos pola ría viguesa deixa as Illas Cies foi unha escursión inesquecible que nos embebedou totalmente coa paisaxe. e a limpeza purísima do ceo.

A Estación de Pasaxe da Ría era un fervedoiro de xente agardando o comenzo do paseo marítimo. O Vapor que nos había levar pola badía, deu comenzo á maniobra de desatraque e os outavoces repenicaron unha muíñeira, logo unha sardana e un chotis madrileño, tornando a Montes e Pascual Veiga pra seguir percorrendo no folklore español con notas sevillanas, variles acentos aragoneses e ledos floreos de gaita....

Axíña deixamos a estación Transatlántica, enfeitada por pabellóns de diversas roites marítimas, o típico barrio pescador do Berbés e as fábricas conserveiras de Bouzas.

No colo da ría recuaban o monte da Guía e o estreito de Rande, sartego grorioso das embarcaciós galegas afondadas no século XVIII por os propios valentes mariñeiros pra impedir que foran presa do pirata inglés.

O Castro, cinguido por modernas construcciós que dan fé da vitalidá de Vigo, cada vegada mais lonxe, ñase difuminando nos algodós da cenícola.

A badía despreguízase, pola banda esquerda, hasta as plaias de Samil e a illa Toralla, que, unida por unha ponte á terra firme, ve medrar maxestuoso un novo hotel acorde co desenrolo turístico.

Pola dreita, estalicébase hasta Cangas, a vila das grandes fábricas de conserva, do barullo admirativo, rebuldeiro e feliz do veraneante que disfruta da inagotable fermosura da ría, esuberante en perspetivas de formas e tonos varios, espléndida en sombras de magnolio, de eucalito, de laranxo i en espaciosos areales pra bañistas....

Tras unha hora de navegación, tocamos no embarcadero das "Illas dos Deuses", como anuncia o slógan. Milleiros de aves mariñas saúdan a nosa chegada e plaias ~~desconhecidas~~, de area fina, auga verdosa e quente, invitanos ó baño denantes de esplorar o xigante rompeolas que se interpón entre o encrespado océano e a badía en calma. Logo, cal novos Robinson Crusoes, ~~encontraram~~ vieiros inverosímiles e dende aquela atalaia, ollamos o compendio mais maravilloso e completo que endexamais ouzáramos, das mais variadas formas xeográficas: Ás costas, o continente;

(5)

á esquerda a illa de San Martín; de frente o inmenso oceáno; á dreita picous
tos maxestuosos, acoitelados como se tiveran nado nas fragas dunha estarre-
cedora treboada. Dende o cume da illa do Faro ollamos a espacible lago, as f
urnas, os acantilados batidos polo mallo atlántico, o camping - resurrección
do espírito panteista - acaneado pola bris do estenso piñeiral, a ría manselina,
as gaivotas de voo canso, as lagartixas tomando o sol nos escarpados pe-
nedos.....

Canto recordo, canta lembranza, canto saber acóchase nas Cies que endea-
xamais poderemos desentrañar! Son realmente anacos doutro continente asula-
gado no Atlántico? Que raras estorias podían contarnos dos soldados de Julio
César, retirados en desfeita, que atoparon refuxio nes ~~xxxxxx~~ seus rochedos?
Que malas artes non saberán elas dos piratas normandos, dos ingleses de Drake
e dos bereberes que chegaron ás suas costas ~~xxxxxxxxxx~~ empurrados polo rou-
bo e o crimen? ~~xxxxxx~~

Illas dos Deuses! ~~xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx~~ A idolatria panteista
~~xxxxxx~~ adubada con enfeites turísticos invade todos os recunchos da nosa
Terra ; pero ^a ti, fermoso recanto virxinal, inda non te luxaron e amostras as
tuas gracias sen inquedanzas, desenfrenos, nen rebumbios multitudinarios
de gloriamificada. Mantés a dinidá dun colosal Templo Gelta !

Malpica. I erola Bergantínas

(6)

Quen, transcurridos quince anos poño por caso, viaxe dende Lugo á Cruña pra visitar a "Gosta da Morte", e chegue pola carreteira do interior ó Burgo, á Avenida de Alfonso Molina e, perto da estación de Sant Iago, siga pola carreteira de Carballo, atoparáscoa sorpresa dunha nova cidá que estatica as súas medras en todas as direccións:

Miles de vivendas en Elviña, grandes avenidas con folgos de autopista e no polígono de A Grela e Bens empresas de aluminio, electrodos, cristal e, a mais importante, a refinería de Petróleo co seu mechero anunciendo o trunfo olímpico da industria.

O mesmo viaxeiro que, seguindo a costa, entróu quinze días denantes por Os Castros dunha cidá cosmopolita de escalectris e rasgaceos, ~~comerciantes, empreendedores, fabricantes, etc.~~, foren de rendistas, intermediarios ou simplemente veraneantes zugando seus puros habenos diante dun pociño de café, debaixo dos magnolios, ^{no paseo dos caños enfeitado con flores exóticas}, ~~que~~ dubidaria, abofé, de que Elviña e A Grela foren parte do mesmo conxunto

É obligado recoñecer a realidade: A Cruña invade as leiras do interior á moi outra da que folga en "Santa Cristina", ou na pleira de Riazor e no ~~cont~~ tino desambular pola calle Real.

A zona industrial alanca con firmeza e reaparece ~~no~~ ^{que} Polígono de Sabón, ~~no~~ Aumentento de Arteixo, coas ~~mais~~ ^{importantes} instalacións termoeléctricas e as parcelas adxudicadas xa a novas factóriás que, como bandeira vitoriosa, plantaron grandes letreiros ~~a futuro~~ anunciando a ^{sua} razón social.

Seguimos camiño - a nosa meta é Malpica - e chegamos a Carballo, centro de carreteiras e vila comercial da rexión bergantínán, de feitura e construcións modernas, amplias estradas, ~~que~~ alameda, renomadas augas menciñais ~~que~~ minas de wolfram que motivaron un gran desenrolo en tempos ~~en~~ recuados..

Por Buño, o pobo das antiquísimas cerámicas, seguimos hastre Malpica, renomada vila mariñeira, que tras unha rampa curta pero rápida, agárdenos coma unha concha xigante na veira do mar, defendida ~~dos~~ seus impetus

polo cabo de San Adrián e as illas Sisargas.

Malpica é unha vila típica de ~~casas de madera, casas de piedra~~ que esbaran deica o mar. ~~casas de piedra, casas de madera~~ Os berros das gaivotas e os cortantes bruídos das sirenas, onde se respira un ambiente salgado e rebule coas tarefas ^{a grea} peixeiras na lonxa, e carón dos axordantes motores da fábrica de xelo prá conserva das capturas que, de maná cedo, emprenden os camiños das grandes cidades.

Dende a outura rocosa, óllase á dreita o case diminuto porto, ben agarrado, cheo de embarcacións de variadas coores, prontos a darse á xí outamar. Á esquerda - Malpica é unha minúscula península moi semellante á Cruña - a lonxa longa de Area Maior e ó lonxe unha inesquecible panorámica: A írix Sisarga Grande e a Sisarga Chica que o mar bravo sopara somentes nas mareas altas.

~~empoleirado no cumio dun rochedo, cona un vixia do mar,~~
Nun restaurante, ~~empoleirado no cumio dun rochedo, cona un vixia do mar,~~ entramos pra apagar a sede. A través de amplios ventanais ollamos outravolta a extraordinaria visión da paisaxe e perguntamos ó dono do establecimento se as illas están habitadas.

— Sí, polos torreiros.

Hai moito rebumbio no local e non comprendemos ben a respóstanos de novo.

— Ali viven os ~~torreiros~~ fareiros.

Obon do home ^{deitáse} da nosa sorpresa e aclara:

— Somentes viven os que están ó cargo da torre ou faro.

Sentimos vergoña de non ter comprendido a primeira explicación. E achámos ó barullo ali reinante a nosa xordeira.

Deixamos o pobo mariñeiro de Malpica e dende o cimo ~~rochedo~~ ^{da encosta}, á serán, o lamos por derradeira vegada o mar, que xa se retorcía en escumosas bruídos alonxámobrdo importante porto enfeitado polos derradeiros feixes roibos do ol que se afundía no mar.

Non poímos chegar a Ponteceso nin ver o río Allóns, nen Laxe, nen o olmen de Dombate, nen ouvir os "Queixumes dos pinos", nen ir á Nosa Señora a Barca, nen á Camariñas, nen a Fisterra...

Non tivemos a dita de coñecer as terras do esgrevio Pondal. A escursión oi pequena e acordada tarde. Debímos emigrar; pero fica un xuramento en pé: as próximas vacacións percorreremos os camiños do bardo inmortal!

O enigma de Santa Eulalia de Bóveda

(8)

A nove kilómetros de Lugo, na estrada de Friol, que , é de xusticia reconócelo, ó fin déuselle un firme alquitraneado que xa quixeran todas as carreiras de Galicia, alcóntrase, á mau esquerda, un cativo indicador: "Santa Eulalia de Bóveda"

Confeso que fiquei varado en ollando o Templo ? Panteón Funerario? descuberto na década dos vinte debaixo do adro da eirexa parroquial.

A Dirección Xeral de Bellas Artes intenta descifrar a sua orixe ~~xxxxxx~~ e programou un plan de escavaciós co estudo ~~xxxx~~ das erosionadas columnas, dos capiteles e das pinturas que promoveron ~~xxii~~ as mais encontradas hipótesis e que, de levarse a remo, aclararán un ~~xx~~ campo moi arredado da estoria de Galicia.

Un veciño encarregado polo Ministerio ^{sua} da vixilancia e coidado , interrumpiu a sobremesa, pra nos amostrar amablemente o Monumento Nacional.

- Era eu cativo cando foi descuberto e a malafada quexo que oxe se atope en piores condiciós de conservación que o óia do achádego. Malas orientacíos escayadoras danaron os capiteles e o pior foi que , ó desvío ~~unha~~ augas que atravesaban polos diminutos canles, ~~que~~ agora ~~esta~~ ó descuberto ~~termas romanas?~~ ~~descuberto~~, houbo filtracións e a humidade destragóu dous tercios dos frescos das paredes. Oxe, grazias ó intrés do Director Xeral, trabállose con base científica e coidamos q que pronto ~~solucionaremos~~ o enigma desta primitiva edificación.

Con fondo coñecemento amostróume os relieves ~~esteriores~~ e as pintures ~~a~~ do interior con motivaciós ~~de~~ florañas e de aves de vivos coores. Unha manchea de anacos de mosaicos, pezas de márbre ^{outros} e diversos materiales agardan as meus esculcaduras dos arqueólogos que desenterren o misterio. Científicos de diferentes países teñen visitado xa Santa Eulalia de Bóveda. Un ruso deixou constancia da similitude do noso moimento, con outro ~~alemanista~~ parello de Alemania.

É un templo prerromano ou dos primeiros séculos cristiáns ? Ista derradeira hipótesis non parece verosímil pola falla de siños cristiáns tanto na ornamentación escultórica coma na pictórica. Soio queda a alternativa

de seguir pescudando. Qué novedá nos agarda na outra banda da parede-esquerda que, ós petos do cicerone, resposta cun lengoaxe oco ?

Entrando, a meu dreita, óllase nun relieve un home que leva da meu un repaz eivado. A dita pedra granítica, ou lápida está descarnada na parte inferior.

Pregunto: Non sería ~~para oración~~ ^{unha profanación sectaria} pra borrar o nome dun duto persoaxe soterrado ? Prisciliano quizaves ?

"A SAN ANDRES DE TEIXIDO VAI DE MORTO QUEN NON FOI DE VIVO"

E alá que fun a visitar ó San Andresiño, como lle chaman os moradores daquela vagoada en descenso rápido cara o océano entre a punta Cadeloira e as ramificacions orográficas que rematan no Cabo Ortegal.

En San Andrés de Teixido, no cabo da pista forestal de 17 kms. que encetamos perto de Cedeira, sentín a impresión de ter chegado a un mundo arredado moitos anos luz do rebumbío da Gran Cidade. Non é de estranhar, dempués de rubir por montes despoboados, mesmo selváticos, da serra Capelada e atopernos no cumo inmersos na néboa, entre caballos salvaxes que obligaron ó chofer a frenar súpetamente.... Logo voltas e mais reviravoltas deixa chegar á eirexa, situada atopo un balado protector entre o pobo e o mar, que á poucos metros estalícase en percurso do infinito.

Il era de mañá cedo e aquela encosta brava, sen mais horizontes que un paredón verdecente e montesío polo sur, o nacente e o solpor e a cativa badía polo norde, somellaba un mergullo de paz onde relaxar corpo e espirto.

Nunha taberna pedín café:

"Inda lle é moi cedo. Terá que agardar a que se mungan as vacas "

Ás oito e meia da mañá era a primeira persoa de San Andrés de Teixido con quem falaba. Espricóuse moi amable:

"Agora están a facer unha carreteira dende Cedeira (10 kms.) e fai pouco que temos a pista por onde veu Vostede. Estámonos achegando ó resto do mundo; que xa vai sendo tempo.... A pesar da falla de comunicacions modernas - incruso o correo soio ven un día por semana - isto é un lugar de grandes romerías e non hai dia ~~no mundo~~ que non acudan romeiros, por fragueiras intransitables, en percurso á de romedio pra calqueira doença. Deben nos tres caños da fonte do Santo e moitos lávanse nas augas milagreiras; logo escocitan a Misa e fan ofrendas regresando ás

Enigma de Santa Eulalia de Bravera

(1)

sus bisbarras, nos mais lonxanos recantos de Galicia, coa seguranza de ter conquerido a saúde perdida. Aixiña chegarán os primeiros e isto logo será un fervedoiro."

Tiña razón o bon do home. As onces a eirexa estaba ateigada de roemeiros. Moitos con cirios, acesos perante o Sacrificio; algúns de xuellos cos pes sanguentos e todos reverentes, cubizosos de acadar o favor do Santo, cuia artística escultura do renacemento, colocada no altar maior, seica trougueron da Italia os Cabaleiros Hospitalarios. O fermoso busto do Apóstol, irmán de San Pedro, pescador tamén no lago de Genesaret, azougado e morto na cruz, coma o Mestre, contén unha reliquia do mártir de Patras que se considera auténtica e recibe culto.

Unha muller andada en anos, da Toxa, dixome:

"Teñolle peregrinado moitas vegadas a iste Santuario e pódolle decir que a iangua da Fonte do Santo é moi sinalada pró reuma, prós ríls e pró estómago. Sabe Dios a familia que se xunta aquí o mes de novembro na festa do San Andrés! Agora, pola pista, é moi doado o camiño; pero había que ver denantes as ringleiras de devotos rubindo por atallos, cun sol que fire nos miolos, alasando, sen atopar mais sinal de vida que lagartos e lagartixas, que asegún vellas estorias, transportan as ánimas das persoas que non viñeron en vida."

Un home, xa maduro, de Arcade, cóntame dun viaxe que fixera, inda novo, cun seu amigo agradecido ó Santo milagreiro porque saíra con ben dun negocio de contrabando na fronteira portuguesa e que lle dera ó crego, naquiles tempos, duas mil pesetas pra misas. O abade aquil seica tiña gran pracer nas cazatas e nas boas enchentes. As olas de viño eran a regalía da sua reitoral e destragaba os cartos do San Andresiño vivindo como un feudal. O actual ten outro aquel e, asegún os ferigreses, a il débese a pista e tamén a carreteira, próxima a rematar, que sigue os antigos atallos dos romeiros, moitos dos cales camiñaban de xuellos hasta mesmo chegar ó altar do Apóstol.

Penso tornar a San Andrés de Teixido, a non dubidar antiquísimo templo peleado de grandeza inmensa e de beleza incomparable, que a Eirexa romana soupo cristianizar erguendo a primeira capela, asegún documento do Arquivo Nacional, en 1196, reedificada no XVII e restaurada no 1967. Pero os Xubileos do Papa Urbano VIII (1631) e as indulxencias ás Co-

(11)

fradías do Santo, inda oxe non desterraron as tradicións paganas que perduran dende os antergos como ben demostrado fica nos amilladoiros, que se formaron perante séculos coas pedras que botan os pelegrinos nas veiras dos camiños, e na ritual visita á fonte, reconstruída no XVIII, onde os romeiros lávanse pra esconxurar as suas doenças.

Testemunho, escudador de excepción de vellas reminiscencias paganas, témolo no "Viaje a Galicia" do P. Sarmiento, que fala da herba empreñadeira que se dá naquiles paraxes. Delo fala tamén a cantiga: A herba de namorar / a herba namoradeira / a herba de namorar / tráiocha na faltriqueira. E dí o refrán: A San Andrés van dous e veñen tres.

Simbolismos, de idolatrías antiquísimas, moi ben poideran ser as figuriñas que mercan os romeiros pra pendurar nas paredes dos seus fogares, como lembranza e proba da emotiva rememoría. Demandéi o sínificado de tales rústicos recordos.

"A crux do Santo, a barca que o trouxo, a ánora, a paloma da paz e o pensamento ou anoeicio que se lle pide"

No meu lar están pendurados tamén. E cavilo: Qué deuses cestrimios ou celtas se trocaron, co influxo cristián, nistes amuletos?

Manuel Rodríguez López - Barcelona